

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 28/2015**

En data 24.11.14 foron aprobados por Resolución de Alcaldía nº 485/2014 os Pregos de condicións que rexen a adxudicación do contrato de SERVICIO MANTENIMENTO ASCENSORES PORTAS AUTOMÁTICAS E SALVAESCALEIRAS DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS por procedemento aberto.

Con data de 19/12/2014 foi publicado anuncio no Boletín Oficial da Provincia Nº 245.

Tendo en conta que a cláusula décimo quinta dos Pregos establece que: "De conformidade co indicado no artigo 21.4 do RD 817/2009, do 8 de maio, de desenvolvemento parcial da LCSP, a composición publicarase no perfil do contratante do Concello de Ponte Caldelas cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación xeral á que fai referencia o artigo 146.1 do TRLCSP.

**RESOLVO**

**Primeiro: Designar os seguintes membros que formarán parte da Mesa de Contratación.**

- **PRESIDENTE**, D.Perfecto Rodriguez Muiños ou persoa que legalmente lle substitúa
- **VOGAIS:**

- D.Manuel Lorenzo Franco operario de saneamento de augas ou persoa que legalmente lle substitúa.

- D.Francisco Regueira Regueira Primeiro Tenente Alcalde do Concello ou . persoa que legalmente lle substitúa

- D<sup>a</sup>.Maruxa Cabaleiro Cuiñas Interventora da Corporación persoa que legalmente lle substitúa.

- D.Jacobo Barreiro Pimentel Secretario da Corporación ou persoa que legalmente lle substitúa

**-SECRETARIO:** D<sup>a</sup>.Celia Rodriguez Adán funcionaria da corporación pertencente os Servizos Xerais do Concello ou persoa que legalmente lle substitúa

**Segundo:** Convocar a Mesa de contratación para que proceda, **o día 28.01.15 ás 13:30 horas** na Casa Consistorial, para proceder a apertura dos sobres "A" e cualificará a documentación administrativa contida neles.

Abertos os sobres A, a Mesa declarará admitidos inicialmente as licitacións , os licitadores que teñan presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo I, a salvo que de que nun momento posterior do procedemento, , tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ao procedemento, de non reunilos excluíráselle da mesma.

Se a Mesa de contratación observase defectos ou omisións na declaración responsable que se inclúe no sobre A, ou do seu contido puidese deducirse que algún dos licitadores non reúne os requisitos para ser admitido como licitador no presente documento, comunicarlle aos interesados por correo electrónico ou fax esta circunstancia , concedéndoselles un prazo non superior a tres días hábiles para que os corrixan ou enmenden. O cómputo do citado prazo iniciarase no momento en que o licitador reciban documentación.

Do actuado deixarase constancia no acta que necesariamente deberá estenderse.

Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, declararanse admitidos á licitación aos licitadores que acreditasen o cumprimento dos requisitos previos indicados no artigo 146 da Lei facendo declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.

A mesa de contratación deberá reunirse en **sesión pública que se celebrará as 13:45 horas do mesmo día** para a apertura dos sobres "B" este acto desenvolverase de conformidade co artigo 83 do Regulamento da Lei de contratos, a Mesa procederá á valoración do sobre B , puidendo solicitar os Informes Técnicos que resulten precisos.

**Terceiro:** Que se publique a presente Resolución no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, D. Perfecto Rodríguez Muíños, en Ponte Caldelas, a 20 de xaneiro de 2015, do que, como Secretario, dou fe.

O Alcalde,

Asdo.: Perfecto Rodríguez Muíños



O Secretario .,

Asdo.: Jacobo Barreiro Pimentel.